

PLAN GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS
--

BORRADOR

PLAN GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS

O inicio dunha nova etapa de goberno, a partir do verán de 2005, supuxo a apertura dun proceso de transformación caracterizado pola existencia de importantes expectativas entre o sector da cultura e o conxunto da cidadanía sobre a implantación dun novo modelo de política no ámbito da cultura. Durante unha primeira fase a Consellaría de Cultura e Deporte abordou aquelas medidas de carácter máis urxente, co obxecto de dar resposta ás demandas do sector e ás situacións de necesidade máis inmediatas. A reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios e do conxunto das programacións de artes escénicas, a refundación da unidade de produción de danza, a implantación dun programa de apoio ao teatro amador ou a nova configuración do sistema de axudas ao sector escénico foron algunhas das liñas de acción que contribuíron a facer efectiva esta primeira fase.

Porén, desde a Consellaría de Cultura e Deporte considérase fundamental a posta en marcha de transformacións de carácter estrutural que permitan definir un novo modelo de política cultural para os próximos anos, facendo do mundo da cultura un referente do proceso de modernización do país. Desde a perspectiva interna, estase a promover unha reforma da Consellaría de Cultura e Deporte, coa reordenación dos ámbitos de intervención e a adecuación das estruturas administrativas á nova realidade social e cultural. Desde a perspectiva externa, a Consellaría ten o convencemento de que o sector das artes escénicas precisa do desenvolvemento dun plano estratéxico que permita definir un marco de actuación das políticas públicas de carácter integral. Fronte á situación actual, na que as políticas culturais en relación coas artes escénicas se caracterizan pola parcialidade e a dispersión, debe procurarse unha situación na que, partindo dunha perspectiva global e atendendo aos diferentes axentes implicados (creadores, produtores, distribuidores e cidadáns) e ás diferentes dimensións existentes, o conxunto das institucións implicadas definan un marco conxunto e integral de actuación. A implantación do Plan Galego das Artes Escénicas deberá permitir situar as artes escénicas nun lugar preferente na realidade social e cultural do país.

Correspóndelle á Consellaría de Cultura e Deporte o impulso e coordinación desta iniciativa. A celebración, durante o presente ano 2007, dos 125 anos do teatro galego ofrece unha magnífica ocasión para abordar esta tarefa de elaboración do Plan Galego das Artes Escénicas.

Unha perspectiva multidimensional sobre o concepto de cultura

Superadas visións de carácter unilateral, na actualidade a cultura maniféstase como un ben cunha pluralidade de dimensións que requiren unha acción política de carácter integral. A cultura é un elemento central no desenvolvemento persoal e social da comunidade, un instrumento para o reforzamento das relacións cidadás e para a integración dos grupos mais desfavorecidos, é a expresión fundamental da identidade de Galiza como pobo e é tamén un sector cada vez máis importante para o desenvolvemento económico sustentábel e para a xeración de emprego cualificado.

O enfoque multidimensional do feito cultural é actualmente de aceptación maioritaria no contexto internacional. A Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO do 20 de Outubro de 2005, que entrou en vigor o 18 de marzo de 2007, recolle a importancia da diversidade cultural como patrimonio común da humanidade que debe valorarse e preservarse e como elemento estratéxico das políticas de desenvolvemento nacionais e internacionais, afirma que os bens e os servizos culturais presentan unha dobre natureza cultural e económica e que non deben tratarse como se só tivesen un valor comercial e defende o dereito dos países a desenvolver e realizar políticas no sector cultural.

Neste sentido, o Goberno galego aposta por converter a cultura nunha prioridade, desenvolvendo as diferentes dimensións que se derivan da mesma. Así, atender na súa globalidade a dimensión cidadá (promovendo na educación a creatividade e o papel transformador da cultura e convertendo aos cidadáns en protagonistas e non só receptores pasivos), artística (potenciando as políticas de fomento da creación e da formación artística), colectiva e patrimonial (protexendo, potenciando e poñendo en relación o noso patrimonio cultural coa creación contemporánea) e económica (solucionando o infrafinanciamento crónico das nosas empresas culturais, aproveitando o cambio dixital, promovendo a nosa capacidade de descuberta, apoio e atracción de talentos e investimentos e traballando na consecución dos obxectivos de crecemento económico e xeración de emprego cualificado) é un reto que as políticas culturais públicas teñen que enfrontar para potenciar e garantir a nosa existencia como cultura diferenciada no contexto global.

O acceso á cultura como elemento central do sistema de benestar

O entorno social e cultural no que se desenvolve a actividade escénica contemporánea é produto das transformacións sociais, culturais e económicas dos últimos cen anos. Desde a caída do antigo réxime a mellora das condicións de vida, a elevación dos niveis educativos e o xurdimento dunha burguesía comercial e industrial urbana, propiciaron un incremento continuado dos consumos culturais. Pero non é ata finais do século XIX e inicios do XX cando, coa introdución da prensa, a radio e o cine, este proceso de progresiva extensión do acceso á cultura,

entendida como produción artística especializada, comeza a alcanzar nas sociedades occidentais a unha maioría da poboación. A partir dos anos cincuenta e sesenta, coa aparición da televisión como principal medio de difusión cultural, implántase a denominada cultura de masas, cun marcado predominio da cultura anglosaxona. A cultura de masas supón o paso ao primeiro plano dunha cultura industrializada, que despraza e transforma tanto a produción artística especializada como á cultura popular de base agraria.

O século XX é tamén o da implantación dos estados do benestar e o do nacemento das políticas culturais, entendidas como a acción sistemática dos gobernos para potenciar o acceso á cultura do conxunto da poboación. A creación do Ministerio de Cultura francés, no ano 1959, é un momentos clave neste proceso. A política cultural configúrase inicialmente baixo os parámetros da denominada *democratización cultural*. A partir deste plantexamento os estados occidentais van desenvolver unha política dirixida a estender o consumo dos produtos artísticos desde as minorías ilustradas ata sectores cada vez máis amplos da poboación. Un instrumento básico desta política será a dotación de equipamentos culturais no conxunto do territorio. A crise de maio de 1968 marca unha transición no modelo e o nacemento dunha nova concepción das políticas culturais. Fronte a política de democratización cultural, que asignaba un papel pasivo á cidadanía e centraba o seu interese na produción artística especializada, xurde a denominada política de *democracia cultural*, que centra o seu interese na activación da participación da cidadanía e recoñece a importancia das manifestacións culturais populares e alternativas. As estratexias de difusión cultural son substituídas polas de animación sociocultural e as políticas culturais establecen vínculos estreitos con conxunto das políticas sociais.

No Estado español o desenvolvemento do proceso de implantación das políticas culturais viuse condicionado polo marco político da ditadura franquista, que retrasou a implantación do estado do benestar e limitou a libre expresión da pluralidade cultural. Como consecuencia non é senón a partir da transición política cando se afrontará de forma acelerada, nun período de vinte anos, o proceso de dotación de equipamentos e posta en marcha de servizos sociocomunitarios ao servizo dos cidadáns, que noutros estados europeos se desenvolveu desde os anos 50. Este proceso de transformación acelerada das estruturas de benestar estivo acompañado pola transición desde un modelo de estado centralizado a outro de carácter descentralizado.

Se durante case 30 anos as políticas culturais impulsadas en Europa se desenvolveron entre dous polos contrapostos, hoxe en día a dicotomía entre democratización e democracia cultural deixou de ter sentido. A *democratización cultural* e a *democracia cultural* non poden ser entendidas nin como políticas opostas, nin tan sequera como alternativas, senón que se configuran como dúas liñas de actuación de carácter complementario dentro do marco de actuación dos poderes públicos. A difusión e o acercamento ao conxunto da cidadanía da

producción escénica é un elemento democratizador que contribúe a mellora do benestar da cidadanía. Pola súa banda, o apoio e impulso da capacidade creativa de todos os cidadáns e a aplicación das técnicas escénicas para o desenvolvemento comunitario son instrumentos que procuran unha sociedade máis activa, dinámica, integrada e solidaria.

A cultura como expresión da nosa identidade

Aínda que as transformacións sociais e culturais vividas ao longo do século XX supuxeron grandes avances, facilitando o acceso á cultura a gran parte da poboación do mundo occidental, potenciando o intercambio e multiplicando a oferta cultural ao alcance dos cidadáns, tamén comportaron efectos negativos. A internacionalización do intercambio cultural, nun escenario con fortes desigualdades políticas e económicas, tivo un importante efecto uniformizador, que se manifestou como unha ameaza para a diversidade cultural. Na medida en que os medios de comunicación de masas substitúen ás institucións sociais tradicionais -a familia e a comunidade local, por exemplo- como instrumentos de socialización, o sistema de referentes difundido desde os grandes centros económicos e políticos ten un carácter invasivo fronte ás manifestacións culturais propias dos diferentes pobos e territorios. É neste contexto no que xorden as teses da *excepcionalidade cultural* que, fronte ás teorías do libre mercado, defenden o valor singular dos bens culturais e a necesidade de adoptar medidas proteccionistas que garantan o mantemento da diversidade cultural.

En Galiza, desde o seu nacemento, o papel da dramaturxia e da produción escénica galega estivo estreitamente vinculada á loita da nosa lingua por recuperar espazos públicos e á construción dunha conciencia nacional.

Así, coa aparición dos movementos sociais e políticos que toman consciencia, basicamente do XIX en diante, da nosa cultura e identidade, aparecen tamén da súa man a literatura dramática e o teatro en galego. Deste xeito, a *Escola Rexional de Declamación* de Galo Salinas, o *Conservatorio Nazonal de Arte Galega* das Irmandades da Fala, o incansábel labor normalizador e europeísta dos homes de Nós ou a actividade teatral que mantiveron os nosos emigrantes e exiliados foron fitos fundamentais na nosa historia cultural.

Coa fin da Ditadura franquista e a chegada da transición política ábrese o momento de refundación do teatro galego contemporáneo, materializado na creación da asociación cultural Abrente e na organización a partir de 1973 do Concurso de Textos Teatrais e da Mostra de Teatro Ribadavia, que vai apoiar o labor de normalización co seu compromiso activo coa realidade social, cultural e económica de Galiza. Dramaturgos como Euloxio Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño mostran como a creación artística, sen renunciar á innovación e ao

intercambio co noso entorno e con outras culturas, é un instrumento fundamental na construción e desenvolvemento da identidade cultural dun país.

Será tamén neste momento, coa constitución do Goberno Galego, cando os poderes públicos teñan por vez primeira a posibilidade de afrontar a tarefa de normalización cultural de todos os ámbitos da vida comunitaria. Porén, daquela altura até hoxe -e é xusto que sexa así recoñecido- foron en xeral a propia sociedade organizada e os distintos sectores da cultura galega os que impulsaron os procesos de recuperación e dignificación da nosa lingua e cultura e de fomento da creación e difusión artística e cultural.

Pola súa banda, hoxe en día o proceso de globalización que vivimos obríganos a asumir e tentar resolver a prol dos nosos intereses a contradición existente entre as identidades locais e o sistema cultural global. Nun contexto internacional dominado pola tendencia á homoxeneización cultural que impoñen os centros de poder económico e político e os seus sistemas culturais e ideolóxicos, e que se manifesta principalmente na redución da cultura á produción de mercadorías para o consumo masivo, a capacidade dunha cultura como a galega -pequena en termos cuantitativos e minorizada en termos cualitativos- para xerar e manter un discurso propio e diferenciado e competir como tal nese espazo de mercado global é certamente pequena. Porén, cremos que hoxe en día, no tránsito do local ao global, calquera estratexia baseada no freo dos fluxos de coñecemento e de creación, alén de non ser desexable, está condenada ao fracaso. Sendo isto así, o carácter minoritario da nosa lingual no contexto global e o feito de sermos unha sociedade sen Estado propio obrigan ao conxunto das administracións públicas a exercer un papel activo na promoción da cultura galega. É preciso establecer un marco estable de apoio á cultura, non desde un plantexamento proteccionista, senón coa ambición de habilitar aos nosos axentes culturais a posicionarse con forza no sistema cultural global.

A produción cultural como sector económico estratéxico

Se ata finais do século XIX a produción cultural tiña carácter artesanal e unha íntima vinculación co creador como persoa individual, a partir do século XX a produción cultural pasa a incorporar procesos propios da produción industrial que progresivamente van adquirindo un maior peso ao tempo que, nalgunhas das manifestacións artísticas, configuran a creación como un proceso colectivo. A aparición da produción industrial implica, neste primeiro momento de transformación, o protagonismo da produción en masa e das economías de escala como factores de competitividade. Isto conleva unha perda de peso relativo dos sectores de carácter artesanal, intensivos en man de obra e con custes de explotación crecentes, como o das artes escénicas, fronte aos sectores emerxentes.

Desde finais do século XX este marco económico está a mudar. Fenómenos como a dixitalización e a globalización están a provocar unha intensificación da competencia, unha ampliación do tamaño dos mercados e a configuración dun entorno dinámico e cambiante, que obriga ás empresas a unha continua adaptación ás transformacións culturais, sociais e tecnolóxicas. Fronte á produción en masa, as economías de escala e o tamaño da organización como vantaxes competitivas, no entorno actual as estratexias baséanse na diferenciación e a vantaxe competitiva fundaméntase na adaptabilidade e flexibilidade. Se hai trinta anos a diferenza era unha debilidade, hoxe en día pasou a ser unha oportunidade.

En Galiza o sector das artes escénicas está caracterizado, como na maior parte do territorio do Estado, por unha situación de debilidade, cun tecido empresarial fragmentado e insuficientemente capitalizado. O potencial económico e de xeración de emprego está limitado pola insuficiencia dos recursos, polo baixo nivel de profesionalización das súas estruturas e pola escasa orientación aos mercados exteriores. Como consecuencia o emprego xerado é de baixa calidade e o crecemento empresarial é limitado. O principal factor limitativo desta falla de desenvolvemento é a escasa presenza social do teatro e danza dentro do mercado da oferta cultural e de ocio. Como consecuencia, a produción de espectáculos de artes escénicas enfróntase cun mercado rixido e cativo e as empresas de artes escénicas vense abocadas a unha dependencia excesiva das axudas públicas. Con frecuencia as políticas de fomento da oferta lonxe de reconducir esta situación, provocan un estrangulamento dos mercados.

A Consellaría de Cultura e Deporte establece como un dos seus obxectivos centrais, na súa nova etapa, a promoción da creación dunha industria cultural dinámica e innovadora no sector das artes escénicas. Para acadar este obxectivo, ademais do incremento substancial dos recursos de apoio ó sector, considérase fundamental a articulación do mercado e a modernización do tecido produtivo, mediante a mellora na xestión empresarial. A finalidade das políticas de apoio ás industrias culturais é a transformación da situación de debilidade conxuntural na procura dun tecido empresarial forte, dun mercado escénico normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora. Portanto, a estratexia para enfrontar a actual situación de debilidade non pasa por un maior proteccionismo público, senón polo fortalecemento e potenciación dos instrumentos de apoio ao sector, para posibilitar a súa capitalización, modernización e autonomía.

5 eixes para un Plan Galego das Artes Escénicas

Os fundamentos da política cultural e a diagnose da situación das artes escénicas lévannos a propoñer un marco integral de actuación arredor das distintas dimensións nas que se manifesta a cultura. A cultura como elemento central da

nosa sociedade, e como índice de calidade de vida; a cultura como manifestación colectiva, aberta e dinámica da nosa identidade; e a cultura como sector estratéxico da nosa economía. Desde a avaliación destas dimensións o Plan Galego das Artes Escénicas propón un conxunto de medidas de actuación estruturadas sobre cinco eixes directrices: o da formación e creación artística, o da integración das artes escénicas na vida comunitaria, o das industrias culturais, o dos mercados e os públicos e o da proxección exterior. Cinco eixes para alicerzar e desenvolver unhas artes escénicas con protagonismo na sociedade galega e con proxección universal.

Eixe 1: PROMOVER A DIMENSIÓN SOCIOCULTURAL DAS ACTIVIDADES ESCÉNICAS

Consolidar o papel cultural das artes escénicas no conxunto da sociedade a través da formación e da participación activa da cidadanía, nas súas vertentes de protagonista e receptor da actividade teatral.

Liña 1.1. Consolidar un modelo de vertebración territorial dos centros e recursos públicos destinados ás artes escénicas.

Obxectivos:

- Racionalizar o conxunto de espazos e recursos escénicos públicos destinados ó conxunto da cidadanía.
- Incrementar a cobertura da rede de espazos escénicos garantindo a accesibilidade de toda a poboación.
- Vertebrar a rede de espazos e recursos escénicos públicos, potenciando as prácticas cooperativas e o intercambio de información.
- Fomentar a calidade da rede, pola excelencia das dotacións e dos recursos humanos.

Accións:

1.1.1. Sistematizar e racionalizar o mapa de infraestruturas culturais públicas, promovendo a comarcalización.

1.1.2. Potenciar a liña de subvencións para a mellora das dotacións técnicas dos espazos escénicos, primando a implicación económica e a corresponsabilidade dos concellos.

1.1.3. Diseñar instrumentos telemáticos para o intercambio de información e o traballo conxunto entre os diferentes axentes culturais relacionados coas artes escénicas.

1.1.4. Desenvolver unha liña de formación transversal de xestión cultural para programadores e responsables de recursos escénicos.

1.1.5. Impulsar a figura dos teatros asociados ó Centro Dramático Galego, como instrumento para promover unha maior difusión das súas producións.

Liña 1.2. Facilitar o acceso do conxunto da cidadanía á oferta de programacións de artes escénicas.

Obxectivos:

- Ampliar a cobertura xeográfica da oferta pública de programacións de espectáculos de artes escénicas, conforme a criterios de vertebración territorial e comarcalización.
- Aumentar o grao de recepción por parte dos cidadáns das programacións de artes escénicas a través do acceso a novos sectores de poboación.
- Fomentar a calidade e variedade das programacións de artes escénicas.
- Aumentar a accesibilidade da poboación máis nova a espectáculos de artes escénicas.

Accións:

1.2.1. Establecemento dunha política integral de programacións de artes escénicas, con propostas orientadas a público adulto, público familiar e espectáculos de rúa.

1.2.2. Incremento das dotacións para programacións de Circuitos Culturais con taxas interanuais do 10%.

1.2.3. Desenvolvemento dunha liña de apoio e subvencións ás mostras e festivais de artes escénicas galegos.

1.2.4. Desenvolvemento de medidas que procuren a estruturación, mellora organizativa e incidencia social dos festivais e mostras de artes escénicas galegos.

1.2.5. Promoción de programacións temáticas, de carácter anual, vinculadas a propostas de especial interese social ou cultural.

1.2.6. Impulsar os plans de mellora da accesibilidade dos espazos e recursos escénicos para todos os cidadáns.

1.2.7. Fomento da implantación de servizos de atención ós menores e persoas dependentes, para facilitar o acceso a oferta escénica das persoas con cargas familiares.

1.2.8. Apoio ós plans de captación de novos públicos, dirixidos a democratizar a asistencia á oferta de espectáculos de artes escénicas.

Liña 1.3. Promover e potenciar as funcións de cohesión sociocomunitaria das artes escénicas en Galiza.

As artes escénicas como ferramenta para a cohesión social e o traballo en valores cívicos.

Obxectivos:

- Potenciar o traballo asociativo en rede vinculado coa actividade escénica nas comunidades locais.
- Potenciar as canles de comunicación e de participación da cidadanía no feito escénico nas súas comunidades.
- Potenciar a colaboración e comunicación entre a actividade profesional e a amadora.

Accións:

1.3.1. Poñer en marcha un **programa socio-cultural** que fomente a relación e experiencia vivencial da cidadanía coas artes escénicas, como receptora (exhibición espectáculos profesionais) e como creadora (obradoiros formativos e creación de grupos teatrais mozos), cunha perspectiva comarcal de traballo en rede.

1.3.2. Diseñar e executar **plans formativos de animación escénica para os técnicos culturais** dos concellos enfocados á mellora da súa cualificación e da súa capacidade de dinamización dos seu entorno local.

1.3.3. Apoiar a formación e consolidación do **tecido asociativo cultural** polo medio de liñas de financiamento e a dotación de recursos específicos.

1.3.4. Establecemento dunha **liña de axudas a proxectos de animación socio-cultural**, con especial atención á animación escénica, dirixida a administracións locais, escolas de teatro e danza e entidades culturais e veciñais

1.3.5. Establecemento dun **programa sociocultural para proxectos piloto de animación socio-cultural**, con especial atención á animación escénica, desenvolvidos en colaboración coas administracións locais, escolas de teatro e danza e/ou entidades culturais e veciñais, e dirixidos a **colectivos con risco de exclusión social**.

1.3.6. Apoiar e fomentar a práctica do **teatro amador** a través de medidas formativas e a dotación de recursos para a exhibición.

1.3.7. Establecemento da figura da **asociación amiga das artes escénicas**, baseada na vinculación activa da entidade ás políticas de animación escénicas e no establecemento de condicións preferentes para o acceso ós espectáculos dos seus socios.

1.3.8. Apoiar a recuperación, produción e exhibición de representacións escénicas da **cultura tradicional** nas propias comunidades locais de orixe.

1.3.9. Promover as experiencias de **residencias estables de empresas de artes escénicas**, como fórmulas de asociación a un espazo escénico de produción e distribución preferente e ao desenvolvemento dun proxecto de extensión socio-cultural.

Liña 1.4. Potenciar o desenvolvemento persoal da cidadanía por medio das artes escénicas.

Obxectivos:

- Fomentar o emprego das técnicas propias das artes escénicas no ámbito educativo.
- Consolidar a comunicación bidireccional entre os profesionais do sector escénico e o conxunto da sociedade civil.
- Promover a práctica escénica entre a comunidade universitaria.
- Contribuír á creación de novos públicos.

Accións:

1.4.1. Potenciar o **ensino en artes escénicas** nos distintos niveis e etapas da educación.

1.4.2. Poñer en marcha un **programa cultural específico no ámbito escolar** (infancia, primaria, secundaria) en colaboración coas administracións locais e os centros de ensino, que fomente a relación dos alumnos coas artes escénicas desde a perspectiva da recepción e da creación.

1.4.3. A partir deste programa, potenciar a **formación permanente do profesorado** en artes escénicas e animación cultural e promover **circuítos e mostras de exhibición do teatro e danza escolar**, con intercambio entre centros.

1.4.4. Potenciar as programacións do **Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego** dirixidas a público escolar.

1.4.5. Dotar con recursos suficientes ás **redes bibliotecarias** de obras escénicas en galego, así como de textos teóricos e revistas.

1.4.6. Promover as **aulas de teatro e danza das universidades**, así como os festivais e circuítos de exhibición do teatro e danza universitaria.

1.4.7. Establecer **obradoiros de formación nos centros** universitarios con profesionais das artes escénicas galegas.

Eixe 2: Consolidar e fomentar os procesos de formación, creación e xeración de contidos e coordinar e preservar os recursos e patrimonio escénico.

Fomentar o aproveitamento creativo e innovador do patrimonio cultural galego, e promover o diálogo e intercambio coas novas tendencias culturais internacionais.

Liña 2.1. Fomentar os procesos de innovación creativa dos profesionais das artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Diseñar e promover o intercambio de saberes sobre as linguaxes escénicas en Galiza e a nivel internacional.
- ▶ Incorporar as novas tecnoloxías na xeración de contidos no mundo escénico.
- ▶ Proxectar o carácter dinámico e innovador da cultura galega como sinal de identidade, e axudar no posicionamento exterior do sector das artes escénicas.

Accións:

- 2.1.1.** Establecer liñas de investigación e experimentación na xeración de contidos, a través dunha programación anual de obradoiros de creación.
- 2.1.2.** Consolidar os intercambios con creadores de contrastada experiencia e recoñecemento a nivel estatal e internacional, a través de estadías e residencias temporais, co obxectivo de xerar propostas artísticas innovadoras para as nosas artes escénicas.
- 2.1.3.** Fomentar o traballo conxunto entre os creadores de artes escénicas e outras disciplinas artísticas, a través da consolidación de marcos estables de colaboración.
- 2.1.4.** Establecer liñas de traballo que poñan en relación o acervo cultural tradicional galego no eido musical e escénico coas tendencias contemporáneas de creación e produción.
- 2.1.5.** Establecer programas de residencias temporais para compañías privadas para a realización de espectáculos cun maior valor engadido, fomentando os mecanismos de coprodución coa entrada de financiamento privado, dirixidas primordialmente ao mercado exterior.

- 2.1.6.** Incorporar as novas tecnoloxías de información e comunicación no deseño e produción de espectáculos escénicos, a través da participación de entidades e empresas que traballen no campo do deseño e implementación destas tecnoloxías.
- 2.1.7.** Apoiar as producións innovadoras xeradas polas compañías e empresas de artes escénicas, mediante o seu apoio reforzado nas liñas de axudas e subvencións á actividade escénica.

Liña 2.2. Coordinar e ampliar os recursos existentes para desenvolver novas liñas de investigación e apoiar os procesos de creación nas artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Aumentar a capacidade creativa das iniciativas públicas e privadas en materia escénica.
- ▶ Crear espazos de reflexión e investigación que posibiliten a inserción das artes escénicas no devir dos cambios sociopolíticos e estéticos do mundo en xeral e de Galiza en particular.

Accións:

- 2.2.1.** Incorporar sistemas de diagnose e prospectiva ao redor das artes escénicas no futuro Observatorio Galego de Políticas Culturais.
- 2.2.2.** Crear un centro de xestión de recursos técnicos e artísticos dirixidos ao apoio das unidades de produción, establecendo mecanismo de colaboración coas compañías privadas para establecer coproducións conxuntas.
- 2.2.3.** Facilitar a accesibilidade aos recursos técnicos e artísticos polo medio de distintos soportes tecnolóxicos.
- 2.2.4.** Crear un servizo de apoio á creación para o acompañamento dos procesos de innovación creativa.

Liña 2.3. Conservar e mellorar o patrimonio escénico galego para fornecer o sistema creativo das artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Sistematizar o patrimonio escénico galego e enfocalo cara á creación e produción.

- ▶ Fomentar a accesibilidade ao patrimonio material e inmaterial por parte da comunidade escénica.
- ▶ Establecer liñas de revalorización do patrimonio a través da súa vinculación coas fases de creación e produción das artes escénicas.

Accións:

- 2.3.1.** Compilar e catalogar o patrimonio escénico galego distribuído en distintos arquivos e centros de documentación público e privado.
- 2.3.2.** Facilitar a accesibilidade a través de distintos mecanismos telemáticos dos recursos patrimoniais.
- 2.3.3.** Apoiar a través de financiación pública e privada a edición ou reedición de materiais históricos da dramaturxia galega.
- 2.3.4.** Fomentar a través das liñas de apoio á creación, o emprego dos recursos patrimoniais para a súa posta en valor como sinais de identidade para a produción escénica galega.

Liña 2.4. Promover e apoiar a novos creadores no ámbito escénico.

Obxectivos:

- ▶ Impulsar a proxección de novos creadores no sector das artes escénicas e no conxunto da sociedade.
- ▶ Garantir a presenza da nova creación na produción de novas montaxes escénicas.
- ▶ Apoiar os procesos de formación e intercambio de experiencias entre novos creadores.

Accións:

- 2.4.1.** Potenciar a formación na escrita teatral, a través de obradoiros, cursos e outras actividades.
- 2.4.2.** Establecer convocatorias de premios para a escrita teatral e para a creación coreográfica.
- 2.4.3.** Diseñar e implementar incentivos para a representación escénica de textos premiados.
- 2.4.4.** Diseñar un sistema de bolsas para a creación destinados a novos creadores/as, con estadias en centros de recoñecido prestixio internacional.

- 2.4.5.** Potenciar a figura das residencias artísticas para coreógrafos e bailaríns, con especial atención ao seu carácter experimental e creador.
- 2.4.6.** Vincular as liñas de coprodución de espectáculos das unidades de produción do IGAEM ao apoio e impulso á innovación escénica e a participación de novos creadores.

Liña 2.5. Apoiar os procesos de formación artística dos profesionais e axentes do sector das artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Mellorar o perfil técnico e artístico dos profesionais das artes escénicas.
- ▶ Fomentar a mobilidade e reciclaxe dos profesionais das artes escénicas.
- ▶ Consolidar o papel da empresa como axente formador de novos creadores e profesionais

Accións:

- 2.5.1.** Avaliar e potenciar o mapa formativo das ensinanzas artísticas das artes escénicas.
- 2.5.2.** Elaborar un mapa de centros e recursos de formación no ámbito das ensinanzas artísticas vinculados ao sector escénico.
- 2.5.3.** Fomentar a formación nas novas disciplinas emerxentes nas artes escénicas.
- 2.5.4.** Establecer liñas de apoio aos centros de formación privados de ensinanzas artísticas, conforme criterios de excelencia educativa e equilibrio territorial.
- 2.5.5.** Establecer sistemas de bolsas de prácticas en empresas e unidades de produción vinculadas os centros educativos que faciliten a transición entre o ensino e o mercado laboral.

Eixe 3. Potenciar e promover as industrias vinculadas ás artes escénicas en Galiza

Promover a formación dun tecido produtivo forte, caracterizado pola súa calidade artística, capacidade produtiva, innovación e competitividade.

Liña 3.1. Potenciar e consolidar a capacidade produtiva das empresas de artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Incrementar os ingresos globais das empresas galegas de artes escénicas.
- ▶ Aumentar a autonomía das empresas do sector en relación ás axudas directas percibidas.
- ▶ Incrementar os niveis globais e medios de emprego das empresas galegas de artes escénicas.
- ▶ Potenciar a orientación das empresas cara ao mercado global.
- ▶ Incrementar as taxas de retorno da produción e distribución de espectáculos de artes escénicas.

Accións:

- 3.1.1.** Incrementar as dotacións en axudas directas ó sector das artes escénicas con taxas interanuais do 20%, ata triplicar as dotacións correspondentes ó exercicio 2005.
- 3.1.2.** Introducir na xestión das axudas e subvencións mecanismos que contribúan á estabilidade do sector. Axudas bianuais e trianuais.
- 3.1.3.** Establecer criterios de selección dos proxectos subvencionados que primen os niveis de distribución, especialmente no exterior, a captación de públicos e as estruturas empresariais consolidadas, especialmente no relativo á plantilla de persoal.
- 3.1.4.** Poñer a disposición das empresas do sector liñas complementarias de apoio ós grandes proxectos de produción de espectáculos, por medio de fórmulas de co-produción e axudas reintegrables.
- 3.1.5.** Facilitar o acceso das empresas do sector ó crédito bancario, polo medio de liñas de financiación do circulante, investimentos en activos fixos e produción de espectáculos.

- 3.1.6.** Fomentar o patrocinio privado na financiación de proxectos de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas.
- 3.1.7.** Promover a transparencia, a calidade e o aproveitamento das novas tecnoloxías na xestión das axudas públicas dirixidas ó sector das artes escénicas. Catálogo de axudas, xestión por Internet, seguimento dos proxectos.

Liña 3.2. Apoiar os procesos de modernización das empresas e de mellora da xestión, con especial atención as novas tecnoloxías.

Obxectivos:

- ▶ Fomentar a introdución das novas tecnoloxías na produción de espectáculos de artes escénicas.
- ▶ Promover a implantación de boas prácticas e a mellora dos procesos de produción.
- ▶ Mellorar a xestión empresarial e procurar a orientación ó cliente das empresas do sector.
- ▶ Incrementar o nivel de cualificación profesional dos traballadores do sector.

Accións:

- 3.2.1.** Diseñar e ordenar a formación profesional continua, técnica e artística, para os traballadores do sector das artes escénicas.
- 3.2.2.** Desenvolver programas de formación empresarial e plans de titoría individualizada para a mellora da xestión.
- 3.2.3.** Diseñar un plan de axudas individuais para a realización de accións formativas especializadas no exterior.
- 3.2.4.** Mellorar a introdución de ferramentas tecnolóxicas para a xestión interna e para a promoción e divulgación.
- 3.2.5.** Fomentar a implantación de sistemas de xestión da calidade (ISO).

Liña 3.3. Mellorar a situación laboral dos profesionais das artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Promover a estabilidade laboral dos traballadores do sector.
- ▶ Mellorar os niveis salariais de protección social.
- ▶ Fomentar a transparencia nos sistemas de contratación.
- ▶ Mellorar os niveis de prevención de riscos laborais.

Accións:

- 3.3.1.** Promover a regulación mediante convenio colectivo dos niveis salariais mínimos para os traballadores do sector.
- 3.3.2.** Promover as boas prácticas en relación coas prácticas de contratación e a estabilidade no emprego, fomentando a contratación laboral ordinaria.
- 3.3.3.** Deseñar e implantar un plan de prevención de riscos laborais para o sector.
- 3.3.4.** Definir un catálogo de normas básicas, que garantan a publicidade, concorrência e igualdade de oportunidades, na selección de persoal por parte das administracións públicas e entidades privadas financiadas con fondos públicos.

Liña 3.4. Favorecer a especialización e diversificación na cadea de valor nas artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Fomentar a especialización das diferentes fases da cadea de valor, especialmente no relativo á creación e a produción.
- ▶ Promover a creación dun tecido produtivo diversificado e complementario.
- ▶ Potenciar a actividade de comunicación, distribución e captación de públicos.
- ▶ Promover o acceso das empresas do sector a novos nichos de mercado mediante a diversificación das súas actividades.

Accións:

- 3.4.1.** Deseño dun directorio de empresas auxiliares e provedores para empresas de artes escénicas.

- 3.4.2.** Apoio e asesoramento para a apertura de novas liñas de actividade para as empresas do sector en áreas como a animación sociocultural, a intervención social, o turismo ou o tempo libre.
- 3.4.3.** Posta en marcha dunha liña de axudas directas a proxectos innovadores de promoción e difusión de espectáculos de artes escénicas.

Liña 3.5. Promover a vertebración do sector, apoiando o asociacionismo profesional, a cooperación entre os axentes produtivos e o diálogo coa administración.

Obxectivos:

- ▶ Promover a participación dos diferentes axentes do sector na actividade asociativa.
- ▶ Fomentar e consolidar o tecido asociativo do sector.
- ▶ Potenciar os espazos de diálogo e interlocución entre as asociacións representativas do sector e as administracións públicas.

Accións:

- 3.5.1.** Incrementar progresivamente as dotacións das axudas e subvencións para o asociacionismo profesional.
- 3.5.2.** Facilitar as asociacións do sector o acceso a dotacións de infraestruturas, especialmente no referente a locais e servizos básicos, mediante fórmulas como os hoteis de asociacións.
- 3.5.3.** Promover os espazos de debate e participación dos axentes do sector, mediante a celebración de xornadas temáticas e outros foros.
- 3.5.4.** Potenciar os instrumentos de comunicación como o boletín e-scena e a páxina web, así como outros como a medición da satisfacción dos clientes e os buzóns telemáticos de suxerencias, queixas e reclamacións.

Liña 3.6. Favorecer a participación na actividade escénica profesional de todos os cidadáns.

Obxectivos:

- ▶ Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no sector das artes escénicas.
- ▶ Eliminar as barreiras de acceso á actividade profesional de calquera cidadán por razón da súa orixe, condición social ou persoal.
- ▶ Favorecer o acceso a actividade profesional nas artes escénicas da xente nova.

Accións:

- 3.6.1.** Establecer medidas de apoio á incorporación da muller á dirección de espectáculos e á participación nos elencos técnicos e artísticos nos baremos das axudas á actividade escénica.
- 3.6.2.** Potenciar as axudas á nova creación para mozos menores de 35 anos.
- 3.6.3.** Realizar unha auditoría en relación coas barreiras de acceso no sector para as persoas con discapacidade e establecer normas de actuación e incentivos para promover a accesibilidade universal.
- 3.6.4.** Establecer incentivos á contratación e bolsas de prácticas en empresas para persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Eixe 4. Consolidar o mercado das artes escénicas

Potenciar o mercado interior das artes escénicas, ampliando os públicos, incrementando os niveis de asistencia e o volume global de negocio, e a presenza da produción escénica das empresas galegas.

Liña 4.1. Consolidar e coordinar as programacións de artes escénicas das entidades públicas e privadas.

Obxectivos:

- ▶ Incrementar os niveis de públicos, facturación e a taxa de retorno das compañías galegas nas programacións de artes escénicas.
- ▶ Incrementar os niveis de públicos, facturación e a taxa de retorno dos espazos escénicos de titularidade pública das redes promovidas pola administración autonómica.
- ▶ Potenciar a rede de espazos escénicos de titularidade privada a nivel de número de espazos escénicos, asistencia de público, facturación e taxas de retorno.
- ▶ Promover unha maior presenza da produción escénica das compañías galegas nas programacións dos espazos escénicos de titularidade das fundacións privadas.

Accións:

- 4.1.1.** Coordinación dos distintos tipos de programacións ofertadas polos axentes públicos (Circuitos, Rede Galega de Teatros e Auditorios, Deputacións...) combinando os criterios de servizo público e racionalidade económica.
- 4.1.2.** Incrementar as dotacións económicas para programacións de artes escénicas da Rede Galega de Teatro e Auditorios con taxas interanuais do 15%, ata duplicar as dotacións correspondentes ó exercicio 2005.
- 4.1.3.** Introducir na xestión das programacións da Rede Galega de Teatro e Auditorios mecanismos que contribúan á elevar os niveis de contratación por espectáculo (umerais de contratación) e a permanencia en praza (descontos por segundas e terceiras funcións).
- 4.1.4.** Promover a mellora da xestión e da articulación e coordinación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

- 4.1.5.** Potenciar a imaxe pública da Rede Galega de Teatro se Auditorios, como rede de espazos escénicos con programacións cunha imaxe de calidade.
- 4.1.6.** Promover a estabilidade e consolidación das salas de teatro de titularidade privada mediante axudas e subvencións directas.
- 4.1.7.** Promover as programacións de espectáculos de artes escénicas das salas de teatro de titularidade privada mediante a Rede Galega de Salas.
- 4.1.8.** Establecer convenios e acordos de colaboración coas fundacións privadas para potenciar a inclusión de espectáculos de empresas galegas nas súas programacións.

Liña 4.2. Aumentar a extensión e profundidade dos consumos culturais.

Obxectivos:

- ▶ Incrementar o volume total do público dos espectáculos de artes escénicas, abrindo o consumo a novos sectores de poboación, con especial atención á mocidade.
- ▶ Aumentar os niveis de asistencia a espectáculos de artes escénicas da poboación, promovendo a fidelización dos públicos.
- ▶ Potenciar a imaxe pública e a presenza social das artes escénicas.
- ▶ Fomentar a imaxe de calidade e o coñecemento social da produción escénica galega.

Accións:

- 4.2.1.** Promover a accesibilidade da oferta pública de artes escénicas mediante a potenciación dos soportes de información e difusión en formato gráfico (revista Paraíso, folletos e carteis) e web.
- 4.2.2.** Promover a accesibilidade da oferta pública de artes escénicas mediante a extensión dos sistemas de venda telemática de entradas.
- 4.2.3.** Promover a accesibilidade da oferta pública de artes escénicas mediante a potenciación da presenza da información nos medios de comunicación escrita (prensa e revistas especializadas).
- 4.2.4.** Fomentar a presenza das artes escénicas nos medios públicos de comunicación social (televisión e radio).
- 4.2.5.** Promover a fidelización dos públicos de artes escénicas mediante a implantación de sistemas de marketing personalizado.

4.2.6. Potenciar a presenza social e o consumo de artes escénicas mediante fórmulas innovadoras de comunicación social.

4.2.7. Desenvolver e poñer a disposición do sector estudos sobre perfís de públicos, pautas de consumo e públicos potenciais.

Liña 4.3. Promover a eficiencia e transparencia dos mercados profesionais das artes escénicas.

Obxectivos:

- ▶ Potenciar a transparencia dos mercados profesionais das artes escénicas.
- ▶ Mellorar a eficiencia dos mercados profesionais, mediante o aproveitamento das vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.
- ▶ Vincular os procesos de contratación coas lóxicas de mercado e da captación e satisfacción dos públicos.

Accións:

4.3.1. Recoller e publicar a sistemática dos niveis de asistencia de públicos, de ingresos por taquilla e de satisfacción de públicos das diferentes empresas, espectáculos e espazos escénicos.

4.3.2. Diseñar e implantar instrumentos telemáticos para a intermediación na contratación de espectáculos de artes escénicas.

4.3.3. Potenciar a Feira Galega de Artes Escénicas como mercado profesional das artes escénicas, vinculado o calendario de produción e distribución das compañías.

4.3.4. Desenvolver un plan de formación en xestión de espazos escénicos para os técnicos e xestores culturais galegos.

4.3.5. Diseñar soportes gráficos e audiovisuais de difusión dos espectáculos de artes escénicas (catálogos de oferta anual de producións).

Eixe 5. Promover a internacionalización das artes escénicas galegas.

Situar o sector das artes escénicas como un dos referentes para a proxección e difusión da cultura e identidade galega no exterior.

Liña 5.1. Promover a presenza exterior das artes escénicas, como expresión da cultura e a identidade galega.

Obxectivos:

- Fomentar a presenza exterior da cultura galega a través do posicionamento internacional das artes escénicas.
- Promover a presenza activa das artes escénicas galegas na vida cultural do conxunto do estado.
- Establecer vínculos estables de colaboración coas comunidades galegas no exterior.
- Promover a presenza da cultura galega e a cooperación cultural no marco da comunidade europea e dos países de iberoamérica.
- Establecer canles estables de cooperación e intercambio cultural cos países da área da lusofonía.

Accións:

5.1.1. Garantir a presenza institucional das artes escénicas galegas nos principais festivais e encontros estatais e internacionais.

5.1.2. Diseñar circuítos estables de exhibición en colaboración coa rede de centros galegos no exterior.

5.1.3. Promover programación panorámicas das artes escénicas galegas nas principais cidades do Estado.

5.1.4. Promover programación panorámicas das artes escénicas galegas nas principais cidades de Europa.

5.1.5. Configurar a Feira Galega das Artes Escénicas como espazo de exhibición, encontro e confluencia da produción escénica da área da lusofonía.

5.1.6. Promover a figura dos Teatros asociados á RGTA, como espazos escénicos do estado e do norte de Portugal con programación estable de producións de artes escénicas galegas.

5.1.7. Postular o escenario Escenario Obradoiro da Cidade da Cultura como referente na exhibición da produción e co-produción pública de artes escénicas.

5.1.8. Promover a cooperación con axentes públicos e privados de Iberoamérica e á área da lusofonía para o desenvolvemento conxunto de co-producións.

Liña 5.2. Apoiar a presenza do sector escénico nos mercados exteriores

Obxectivos:

- Incrementar o acceso da produción escénica galega ós mercados estatais e internacionais.
- Promover o fortalecemento e a consolidación dos canles de distribución exterior da produción escénica galega.
- Potenciar a cooperación interempresarial nas estratexias de distribución exterior.

Accións:

5.2.1. Establecementos de acordos de colaboración coas diferentes redes públicas autonómicas de distribución, para facilitar a súa apertura á produción escénica galega.

5.2.2. Establecemento dunha liña de axudas para a tradución e adaptación da produción escénica galega a outras linguas.

5.2.3. Garantir a presenza institucional das artes escénicas galegas nos principais mercados e foros empresariais estatais e internacionais.

5.2.4. Potenciar as axudas á distribución exterior, cubrindo a totalidade dos gastos de desprazamento e manutención para a realización de xiras e a participación en mercados de distribución.

5.2.5. Establecer incentivos para a cooperación empresarial nos proxectos de distribución exterior.

5.2.6. Realización de estudos prospectivos dos mercados exteriores de maior interese para as empresas galegas.

5.2.7. Deseño de catálogos de recursos de apoio á distribución, referentes ós principais mercados exteriores (empresas distribuidoras, programadores, servizos técnicos, administracións, etc.).

5.2.8. Potenciar o papel da Feira Galega de Artes Escénicas como mercado de contratación de espectáculos para a súa distribución exterior.

Liña 5.3. Apoiar os procesos de colaboración entre empresas galegas e do resto do estado e internacionais.

Obxectivos:

- Incrementar e potenciar a rede de relacións das empresas galegas no exterior.
- Fomentar a innovación e a mellora mediante o apoio ás estratexias de benchmarking.
- Promover a internacionalización das empresas galegas de artes escénicas mediante o apoio ó establecemento de alianzas externas.

Accións:

5.3.1. Promoción da participación de técnicos e profesionais de referencia do resto do estado e do estranxeiro na produción pública.

5.3.2. Impulso da coprodución internacional nas unidades de produción pública.

5.3.3. Fomento, polo medio dos criterios de valoración das axudas á actividade escénica, da cooperación con empresas do exterior na produción de espectáculos de artes escénicas.

5.3.4. Axudas para a realización de accións formativas e estancias de prácticas en empresa no exterior.

5.3.5. Organización de accións formativas con presenza de técnicos e profesionais de referencia do resto do estado e do estranxeiro.

5.3.6. Apoio e asesoramento para o desenvolvemento de programas cofinanciados pola Comisión Europea.

5.3.7. Organización de foros e encontros técnicos e empresariais de carácter estatal e internacional.